

Manuel Lugrís Freire (1863-1940)

Nado en Sada, foi poeta, dramaturgo e ensaísta. Gran amante da lingua galega e promotor do seu uso.

De familia acomodada, emigrou a Cuba ós vinte anos. Alí había moitos galegos e unha grande vida cultural. Ó pouco tempo xa estaba na directiva do Centro Galego. Traballou de contable e fíxose amigo de Curros, Cabanillas, Basilio Álvarez...E alí tamén fundou o xornal: "A gaita galega".

Voltou a Galicia casado cunha cubana e estableceu-se na Coruña. Entra en contacto cos literatos da "Cova Céltica": Murguía, Pondal, Martínez Salazar...e con eles organiza actividades culturais, políticas e xornalísticas. Tamén formou parte do grupo rexionalista "Liga Galega" participando en homenaxes ós "Mártires de Carral", incluso falando na inauguración do seu monumento.

En 1906, Lugrís é un dos corenta académicos que fundan a "Real Academia Galega". A súa participación con ela tivo moita importancia: foi representante dela na elaboración do proxecto de Estatuto de Galicia e foi o seu Presidente entre 1934 e 1935.

En 1907 participa na fundación de "Solidaridad Galega" (grupo agrarista, rexionalista e político). Querían eliminar o sistema caciquil e chegaron a acadar importantes éxitos electorais. Lugrís era un bo orador e foi o primeiro en falar de política en galego. Non foi a máis este grupo e ata 1916 cos Irmandades da Fala, todos os rexionalistas e galeguistas andiveron dispersos.

En canto á súa obra destaca a poética, a súa primeira obra: "Soidades", foi prologada por Curros. En obras posteriores apréciase unha certa evolución na lingua e no estilo: "Noitebras", "Versos de loita". En "Asidencias" (o seu millor libro), acércase ó estilo de Cabanillas. Pero o seu poeta favorito foi Pondal (estivo no seu leito de morte) é probablemente quen máis lle influenciou.

Tamén é coñecido como dramaturgo. Unha das ideas dos integrantes da "Cova Céltica" era a necesidade de utilizar un vehículo de comunicación masiva co público de forma estable: e este foi o teatro. Lugrís estreou na Coruña o primeiro drama galego en prosa: "A ponte" (referido ó caciquismo). Escribiu o drama en tres actos: "Mareiras", e as comedias "O pazo" e "Estadeña".

Aínda que non era linguista, atreveuse a facer unha "Gramática" útil e ben acollida na época, hoxe en día os linguistas din que é bastante mala, pero non se lle pode negar que fixo o que puido ó constatar a gran carencia que había dela.

Escribiu contos publicados baixo o título "A carón do Lar", que asinaba con pseudónimos: Asieumedre, L.U.Gris, Roque das Mariñas...

Foi habitual colaborador na prensa (especialmente no xornal "A Nosa Terra").

Morreu en 1940 triste, polo fracaso da República e a condena do galeguismo polo goberno.


Víctor Schäfer Freire- 2º Bach.

Cartafol da LINGUA

IES MUGARDOS



BOLETÍN Nº 18 DO EQUIPO NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
IES MUGARDOS • MAIO 2006



A PRIMEIRA IMPRESIÓN DO INSTITUTO

Mugardos, a 23/4/06

A miña primeira impresión do instituto foi moito mellor do que eu pensaba que ía a ser. Pensei que non me ía gustar, que os profesores nos ían berrar moito... pero non foi así, os profesores son bos, non nos poñen tantos deberes coma para que non nos dé tempo a facelos, cada dúas clases temos un descanso, nas clases non te aburres... ademais gústame moito a horta, porque é un entretemento moi bo, e, ademais aprendemos moitas cousas sobre prantas e hortalizas.

E o que máis me gusta de todo é a clase de debuxo porque ten unhas vistas moi bonitas, e a parte a min gústame debuxar.

En definitiva, o instituto está moi ben.

Lorena Franco Díaz 1º ESO

CHARLA CON LINO BRAXE

O pasado 12 de Maio tivemos no Instituto unha charla-coloquio con Lino Braxe nas dúas últimas horas da clase. Polo que dixó vese que unha persoa polifacética que ó longo da súa vida fixo moitas cousas: actor, director de teatro, locutor de radio, escritor, dobrador de cine.....

Actualmente está a traballar, como actor e director, nunha adaptación de Hamlet, situando a acción na época nazi, cumprindo un soño que tivera desde neno.

Na charla contounos cousas da súa vida e das súas obras, duna maneira espontánea, directa e divertida, facendo que a charla fora levadeira e que todos poidesemos disfrutar e aprender da súa forma de ve-la vida. Fixonos cantar a todos "quince homes sobre a caixa do morto, ron, ron, ron a botella de ron" mentres el recitaba un poema seu.

Ó remate da exposición invitounos a que lle fixesemos preguntas, que foi contestando sen ningún reparo, e de forma divertida. Demostrounos que calquera persoa pode facer teatro se de verdade o desexa a pesares do medo que impón o público, xa que este vai estar pre-disposto para disfrutar co fagas no escenario.

Cando rematou a charla, firmounos libros a algún compañeiro e a min como por exemplo "Banquete" e "A caricia da serpe". Foi unha charla amena e instructiva, pasámolo ben.



EN GALEGO DE PELÍCULA.

A coordinadora de equipas de normalización lingüística de Ferrolterra en colaboración co Concello de Ferrol organizou un ciclo de cine en galego. As proxeccións das películas tivo lugar nas salas dos multicines Galicia da rúa Pontevedra. As cintas proxectadas foron: "León e olvido", "O soño dunha noite de San Xoán", "Un amor por descubrir" e "Heroína". Nós fomos ver dúas: "Un amor por descubrir" e "Heroína", con alumnos de segundo e terceiro de Eso.

HEROÍNA"

Antes das vacacións de Semana Santa, 3ºA e 3ºB fomos ver unha película chamada Heroína nos cines Galicia, en Ferrol.

A película trataba o tema das drogas e as súas consecuencias. Conta coma un mozo se mete de cheo no mundo das drogas, e como a súa nai se entera e loita para sacar ó seu fillo de alí. Desesperada, leva ó seu fillo Fito a un psicólogo e alí coñece a unhas nais e a uns pais que están pasando polo mesmo.

Crean unha asociación e con iso intentan resolver os problemas dos seus fillos. Fan manifestacións en contra dos bares que venden drogas. E como ésta moitas máis ata que conseguen atraer á prensa e saen nos periódicos. Isto levanta odios cara esta asociación por parte dos "camellos", recibindo ameazas e máis.

Máis tarde, o fillo de esta tan emprendedora nai foi pillado roubando nun banco con outros. Pero iso foi unha trampa. Ó cabo dun tempo saíu do cárcere, despois de varios xuízos, e foi ingresado nunha clínica de desintoxicación.

A película gustoume moito xa que puideron ver como era o mundo das drogas e a loita que tiñan que facer para desengancharse.

Nuria Vicente López 3ºA

UN AMOR POR DESCUBRIR

O mércores cinco de Abril fomos ver a película "Un amor por descubrir" ós cines Galicia de Ferrol. A película estaba en galego e pareceunos interesante xa que fala dos problemas dunhos rapaces novos coma nós.

Nunha illa rural da costa de Irlanda vive Tony Egan, un respectado granxeiro. Mentres Tony se dispón a queimar o que semella simplemente outra factura, descobre unha carta da súa irmá pequena, Karen, que hai vinte anos marchou para América. A carta supón a primeira comunicación entre os dous nese longo período de tempo. Nela, Karen explícalle a seu irmán que está a morrer e que o seu derradeiro desexo é que as súas cinzas volvan á terra que tanto amou e por eso envía o seu fillo á illa.

Un rapaz negro chega a illa, a vivir cós seus únicos familiares, o seu tío, Tony Egan. Alí namorase dunha rapaza, pero o seu amor non era posible, xa que as súas familias tiñanse moita xenreira. O motivo do seu enfrontamento foi porque o tío do rapaz namorouse da irmá do taberneiro (pai da rapaza) coa que tivo un fillo, e o taberneiro a súa vez namorouse da irmá do tío do rapaz, entón os dous homes enfrontáronse, xa que ningún aceptaba ás relacións. Con este panorama Karen, a nai do rapaz, foise para Nova York, onde casou cun home de cor e tivo un fillo.

O final da película o rapaz discute cós seus tios e decide volver para Nova York, pero este recapacita e non o deixa marchar porque a pesar da xenreira que hai entre eles pensan que se se queren non se poden separar.

A película, ambientada en Irlanda, ten paisaxes e ambientes semellantes a Galicia, incluso discutimos entre nós onde tiña lugar.

Alexandra Pérez Díaz . Cristina Torrente Suárez. 2º ESO



ENTRE NÓS EN GALEGO

Un ano máis o Departamento de Galego levou a cabo a campaña "ENTRE NÓS EN GALEGO". Os alumnos da ESO tiñan que elaborar carteis e lemas que animasen ós seus compañeiros no uso e normalización da lingua galega. Co debuxo gañador elaboramos unha pegatina que será repartida entre tódolos alumnos do centro. Os premios consisten en lotes de libros para o elexido como gañador e os finalistas

Graciñas a todos polo seu traballo e colaboración. De tódolos traballos presentados resultaron seleccionados, e premiados os seguintes:

Gañadora:
UXIA OÑA LOURIDO 4º ESO

Finalistas:
ROBERTO DOPICO FORNOS 3º ESO
LARA VAZQUEZ DOMINGUEZ 3º ESO
NATALIA ROMERO MILLOS. 3º ESO



EXCURSIÓN Á CASA DO QUEIXO

O venres día 12 de Maio os alumnos de 1º da ESO fomos de excursión ó Concello de Sobrado dos Monxes, para visitar no Casal de Abaixo a Casa do Queixo.

Ás nove e dez estabamos saíndo do Instituto e chegamos ás dez e media. O primeiro que fixemos foi entrar na granxa e dividirnos en dous grupos: amarelos e violetas. Os amarelos fixeros con Xosé o obradoiro do pan e o paseo en tractor, mentres o resto ia con Cris ós obradoiro da pataca e o queixo.

No obradoiro dó pan amasamos cada un de nós un pouco de fariña con levadura, auga e sal. Logo o cocemos. Non nos deixaron come-lo porque estaba moi manoseado, deronllelo os cabalos. Nós comimos outro feito por eles, incluso trouxemos boliños para Mugar dos. Despois fomos a plantar patacas. Leváronnos a unha carpa que facía de corredor para explicarnos cousas sobre elas, e logo fómos planta-las. Seguimos os seguintes pasos: Sacamos as pedras e as herbas, removemo-la terra, fixemos os regos, cortamos as patacas en anacos que levan o grelo ou ollos, votamos esterco orgánico, votamos as patacas cos ollos cara arriba, tapamos e rastreamos.



Cando era mediodía fomos comer á carpa do corredor. Cando rematamos o xantar vimo-los patos e as ocas. Tamén sacamos fotos. Ás dúas viñeron os monitores e leváronnos polo monte a ver uns muiños de auga. Polo camiño, nunha caharca, atopamos ras e tritóns, e os monitores ensináronnos a collelos. Á volta fomos dar un paseo en tractor. Pasamos por unha granxa onde hai 300 vacas que non saen de alí en sete anos. Cerca víase a Serra da Cova da Serpe, da que nos contaron unha lenda:



"Hai moitos anos, existía unha cova na que vivía unha serpe de medidas descomunais. Tódolas días baixaba da serra e comía o gando e incluso, algunhas veces, atacaba e comía persoas. Estaban todos aterrizados. Un día, os veciños do lugar reuníronse para dar solución ó problema. O máis espabilado tomou a palabra e dixo:
-Métedevos todos nas vosas casas co gando e non saíades en tres días. Eu deixarei o meu burro vello atado a unha corda na ponte, cunhas ánforas de petróleo colgadas. A serpe comeu o burro e o petróleo. Cando os veciños saíron ó cabo dos tres días a serpe estaba morta."

Despois do paseo en tractor fomoa face-lo queixo, seguindo os seguinte proceso: Mixturamos leite, sal e callo vexetal, removimos e separamo-lo soro do requexo, logo de feito comimo-lo queixo fresco.

Cando rematamos o traballo fomos ver outros animais e mercamos recordos. Foi un día moi interesante. ¡¡Pasámo-lo moi ben!!

Lorena franco Díaz. 1º da ESO.





Biografía de Mozart

Nacido en 1756 Mozart foi un neno prodixio, ós catro anos tocaba o clave e o violín, ós cinco anos era capaz de compondor pezas breves para teclado, ós doce xa escribira tres óperas, logo de algúns anos nos que viaxaba por toda Europa tocando para os principais reis e príncipes da igrexa, en 1781 rompe as súas relacións co príncipe-arzobispo de Salzburgo e decide instalarse en Viena onde casa con Constanze Weber.

Mozart morre arruinado o 5 de Decembro de 1791 e foi enterrado en Viena nunha fosa común. Mozart considerouse o compositor máis destacado da época e a súa extensa produción inclúe a maioría dos xéneros.

Co motivo do 250 aniversario do nacemento de Mozart, iremos de excursión a Viena e ó Sur de Francia.

Alguns dos lugares que visitaremos na chamada cidade da música son:

• A Milla da Música, na que se poden ver setenta estrelas de mármore incrustadas no chan, adicadas ós grandes maestros da música.

• A Casa da Música, un auténtico museo dos sons, no que lle conceden prioridade a Amadeus.

• As casas de Mozart, Haydn, Beethoven e a casa natal de Schubert.

• Vistaremos tamén as tumbas de Johann Strauss e Beethoven, situadas no Cemiterio Central no que tamén se atopa o monumento Mozart.

Entre as exposicións e teatros que presenciaremos, destacan:

- O Palacio Imperial, coa visita ó Museo Sissi, a Biblioteca Nacional, os xardíns Burggarten e a Escola de Equitación Española.

- O Palacio do archiduque Carlos.

- O Palacio de Schönbrunn, onde presenciaremos un concerto da orquestra palaciega.

- Unha exposición no Albertina adicada a Mozart.

- Unha exposición adicada ó 150 aniversario de Freud.

Asistiremos tamén a algún dos concertos programados na cidade e visitaremos a Catedral de San Esteban e a Capela Imperial, onde teremos a oportunidade de escoitar ós Niños Cantores de Viena.



EXPERIENCIAS TEATRAIS DOS ALUMNOS de 4º E.S.O.



Representación " Un día calquera"

"Foi unha experiencia divertida ,os compañeiros ían engadindo ideas e resultou unha obra improvisada, cada día pensabamos nunha cousa nova, e cada día ía quedando mellor."

"Cando ves ese público agardando a que digas a primeira palabra, os primeiros acenos !Que actúes! Tes medo o medo no corpo, pero cando xa ves que ían contigo, que se rín porque disfrutan....Xa es outra e comezas a crer no teu papel ". (Tereixa)

"Un día veu ó centro unha actriz de teatro chamada Inés Cuadrado que nos ensinou

durante algún tempo as técnicas de relaxación e axudounos moito a desenvolvernos en público así como trucos de improvisación. ".Se sacamos as tomas en falso teriamos para tres días.As rapazas animáronse a bailar batuka pero nós eramos máis zoupóns e ó final quedamos en que cada quen bailaría co seu ritmo.Un dos ritmos máis cantosos foi o meu, según dixeron os meus compañeiros." (Xavier Núñez).



"Os ensaios foron moi estresantes ás veces , outras moi divertidos, e no momento da verdade todos criamos que non saíria ben porque ata o ensaio xeral foi horroroso. Minutos antes da representación estabamos todos como un flan .Pásamolo ben e o mellor foi que a xente pasouno ben connosco. " (Inés Marcos Casteleiro)

"A historia é que nun día de clase a profesora de Técnicas ocorreuselle a idea de facer algo máis fácil para nós e para que non tiveramos medo de aprender algún guiión monsturoso a idea de facer unha obra simple e divertida . Todos estivemos de acordo en representala e comprometímonos con Uka en levala a escena.Foi todo un éxito e aínda por riba divertida" (E.C.C)



"A pesar de que a min a obra non me entusiasmaba e despois de moito pelexar para non saír en escena conseguín o que quería, non participei de forma directa, senón que fun a encargada de que todo estivese en orde, que non faltara o material, efectos sonoros(a pesar dese pequeno fallo , que solucionamos coa gran axuda de Barcia)!Impresionante! ver os participantes como ían evolucionando pouco a pouco." (A.M.F)

"O que non se me esquece é o tempo de espera, antes de saír, a punto de darme un ataque de nervios que eran moito: a xente coméndose as unllas, as pernas temblando, metidos no baño , agardando a que nos chamaran para saír a actuar, non eramos capaces de tranquilizarnos."(Juan Fernández).



HISTORIA DA COCAÍNA

O Erythroxyton é un arbusto silvestre da rexións andinas de Sudamérica. Existen preto de 250 variedades. O Erythroxyton coca, coñecido como "Huanaco" de Bolivia, pode chegar a ter ata catro metros de altura cando é silvestre, o máis común é que se pode e se mantéña entre un tres metros, así estende as súas polas e produce máis follas. Ten flores de cor crema e froitos de cor escarlata, semellantes ós arándanos. Nas follas, que é onde se atopa o preciado alcaloide denominado cocaína, son lisas e ovaladas, de entre tres e seis centímetros de lonxitude, según a variedade. Ademais do Huanaco boliviano, hai outra variedade que se cultiva para producir o alcaloide e a Erythroxyton novogranatense coñecida como "Trujillo" de Perú; ten follas máis pequenas e menor contido en cocaína pola presenza doutros alcaloides.

A mellor localización para un cocal é nas montañas, a mayor altura posible e con calor dabondo. Cando o arbusto ten entre dazaoito meses e dous anos e cunha altura de entre noventa centímetros e ata metro e medio, pode ser sometido a unha colleita anual, aínda que as follas tamén son recollidas cando se podan os arbustos, dúas veces ó ano; isto da tres colleitas anuais nos meses de marzo, xuño e outubro.

Os gumbieros, indíxenas andinos me mascan follas de coca, cortan as matas cando son pequenas e as chaman ilyimera, que na súa lingua quere dicir paxaros pequenos. O nome de coca ven da lingua boliviana aimará que quere dicir "alimento dos viaxeiros ou traballadores". A súa etimoloxía alude ó antigo coñecemento de que a masticación das follas permite levar a cabo duros traballos ou longas camiñatas tomando pouco alimento.

As follas se mascan ou se beben en infusións. Para mascalas, o indíxena "toma dunha bolsa unha folla, quítalle a nervadura central, fai unha bola e a mete na boca. Cando xa esté humedecida de saliva, engade un pouco de cal, que ten a propiedade de aumentar a solubilidade dos alcaloides na saliva.

Durante o imperio inca, os señores mascaban follas de coca, e os cregos utilizábanas coma ofrenda quemándoas na honra dos deuses. Aínda que a orixe da coca atribúese á cultura inca, algúns investigadores opinan que a levaron a Perú os indios araucanos de Colombia.

No Centro e Sudamérica o hábito de mascar coca remóntase a tempos moi antigos. Os yaravíes, xogares, incas agradecían o presente da coca ós fillos de sol: Manco Capac e a súa irmá Oclo. Os primeiros exploradores trouxeron a Europa novas desta planta e foi no século XVII cando se atopan referencias das súas propiedades nos textos de medicina europea. Un século antes, baseados en criterios moralistas, inténtase prohibir o seu uso entre os indíxenas ata que se descubren as súas vantaxes nunha xornada de vinte horas entre os traballadores das minas reais.

A mediados de século XIX, extráese por primeira vez cocaína pura da folla da pranta. A principios do século XX, a cocaína convértese no ingrediente principal na maioría dos tónicos e elixires creados para tratar numerosas enfermidades, incluíndo a Coca-cola, que nese momento vendíase en boticas.

¿Como produce os seus efectos a cocaína?

Lévanse realizados moitos estudos para entender como se producen os seus efectos e porqué é tan adictiva. Un dos mecanismos é o efecto que produce nas estruturas máis fondas do cerebro, o sistema límbico, que se activan por todo tipo de estímulos gratificantes tales como alimentos, auga, sexo, afecto... é unha estrutura que controla o equilibrio emocional.

Descubriuse que cando ocorre un evento gratificante, as neuronas do sistema límbico, aumentan a cantidade de dopamina que liberan. A cocaína bloquea a eliminación da dopamina e resulta unha acumulación da mesma. Este exceso de dopamina causa unha estimulación continua das neuronas, o que se asocia coa euforia que comunmente senten os usuarios da cocaína.



Sen embargo co consumo máis ou menos habitual vai diminuindo a formación de dopamina crea do un desequilibrio no sistema nervioso, que da lugar a moitas alteracións do sistema nervioso orixinando episodios de: ansiedade, paranoia, desgana, desafecto emocional, agresividade, depresións...

O abuso continuo da cocaína crea tolerancia. Isto quere dicir que o cerebro precisará dunha dose ca vez maior e máis a miúdo para obter os mesmos resultados. Durante períodos de abstinencia a lerbranza da euforia anterior pode disparar o desexo de consumila provocando unha reincidencia de pois de longos períodos de abstinencia.

Efectos a curto prazo

Os que usan cocaína en pequenas cantidades (ata cen miligramos), xeralmente séntense eufóricos enerxéticos, conversadores, particularmente en relación con sensacións visuais, auditivas, e de tacto. A cocaína pode diminuír temporalmente algunhas funcións como por exemplo durmir.

Usando cantidades maiores, pode levar a un comportamento máis extravagante errático e violento. Os consumidores de cocaína experimentan tembrores, vértigos, espasmos e paranoia. As mortes ocasionadas pola cocaína son producidas por paros cardíacos ou convulsións seguidas de paros respiratorios.

Efectos a medio e longo prazo

A cocaína é unha droga extremadamente aditiva. Polo tanto, é moi difícil que unha persoa pode producir ou controlar ata que extremo continuará usándoa. Pódese desenvolver unha tolerancia considerable ó "subidón" da droga e moitos adictos explican que non son capaces de obter o mesmo prazer que cando a consumiron por primeira vez. Algúns usuarios chegan a miúdo a aumentar a dose para intensificar e prolongar a euforia, cando a cocaína se usa repetidamente e en doses cada vez maiores, pódese producir un estado de irritabilidade, ansiedade e paranoia. Isto pode causar un efecto total de psicose paranoica no que a persoa perde o sentido da realidade e sofre alucinacións auditivas.

Varios tipos de enfermidades cardíacas foron asociadas ó uso da cocaína. Sábese que esta droga ocasiona ritmos caóticos do corazón; acelera os latidos e a respiración; e aumenta a presión arterial e temperatura do corpo. Os síntomas físicos poden incluír dor no peito, náusea, visión nublada, febrilidade, espasmos musculares, convulsións, entrar en estado de coma e a morte.

As reaccións adversas ó uso da cocaína varían dependendo de cómo se administra. Por exemplo, cando se inhala regularmente pode causar perda do sentido do olfato, hemorrxias nasais, problemas ó tragar, ronqueira e unha irritación e secreción do nariz. As persoas alérxicas poden ver incrementados os riscos xa sexa pola propia droga ou por algúns dos compoñentes que se lle engaden á cocaína na rúa e, nos casos máis severos, estas reaccións poden provocar a morte.

As investigacións demostraron que existe unha interacción potencialmente perigosa entre a cocaína e o alcohol. Cando se usan conxuntamente, o organismo convérteos en etileno de cocaína. O efecto de etileno de cocaína no cerebro é máis duradeiro e máis tóxico que cando se usa calquera das drogas por separado. Aínda que se precisan máis estudos, cabe notar que as mortes ocasionadas pola combinación de dúas drogas, as que ocorren máis comunmente son as ocasionadas pola combinación da cocaína co alcohol.

Este artigo non é unha disquisición moral sobre o que se debe ou non facer, tomar ou non tomar, simplemente información, é o que a ciencia descobre imparcialmente. É o que hai, aquilo que "camellos" olvídanse de contar ou non saben...todo o mundo debe ser libre de tomar decisións. Información fainos máis libres. Agora ti decides. Pero lembra que como di o proverbio chino "se nada no medio dunha treboada non pretendas saír ileso".

Alegría e saúde.





Manuel Lugrís Freire

(1863-1940)

Nado en Sada, foi poeta, dramaturgo e ensaísta. Gran amante da lingua galega e promotor do seu uso.

De familia acomodada, emigrou a Cuba ós vinte anos. Ali había moitos galegos e unha grande vida cultural. Ó pouco tempo xa estaba na directiva do Centro Galego. Traballou de contable e fixose amigo de Curros, Cabanillas, Basilio Alvarez... E ali tamén fundou o xornal: "A gaita gallega".

Voltou a Galicia casado cunha cubana e estableceu-se na Coruña. Entra en contacto cos literatos da "Cova Céltica": Murguía, Pondal, Martínez Salazar... e con eles organiza actividades culturais, políticas e xornalísticas. Tamén formou parte do grupo rexionalista "Liga Gallega" participando en homenaxes ós "Mártires de Carral", incluso falando na inauguración do seu monumento.

En 1906, Lugrís é un dos corenta académicos que fundan a "Real Academia Galega". A súa participación con ela tivo moita importancia: foi representante dela na elaboración do proxecto de Estatuto de Galicia e foi o seu Presidente entre 1934 e 1935.

En 1907 participa na fundación de "Solidaridad Gallega" (grupo agrarista, rexionalista e político). Querían eliminar o sistema caciquil e chegaron a acadar importantes éxitos electorais. Lugrís era un bo orador e foi o primeiro en falar de política en galego. Non foi a máis este grupo e ata 1916 coas Irmandades da Fala, todos os rexionalistas e galeguistas andiveron dispersos.

En canto á súa obra destaca a poética, a súa primeira obra: "Soidades" foi prologada por Curros. En obras posteriores apréciase unha certa evolución na lingua e no estilo: "Noitebras", "Versos de loita". En "Ardencias" (o seu mellor libro), acérase ó estilo de Cabanillas. Pero o seu poeta favorito foi Pondal (estivo no seu leito de morte) é probablemente quen máis lle influenciou.

Tamén é coñecido como dramaturgo. Unha das ideas dos integrantes da "Cova Céltica" era a necesidade de utilizar un vehículo de comunicación masiva co público de forma estable: e éste foi o teatro. Lugrís estreou na Coruña o primeiro drama galego en prosa: "A ponte" (referido ó caciquismo). Escribiu o drama en tres actos: "Marciras", e as comedias "O pazo" e "Estadeña".

Anda que non era linguista, atreveuse a facer unha "Gramática" útil e ben acollida na época, hoxe en día os linguistas din que é bastante mala, pero non se lle pode negar que fixo o que puido ó constatar a gran carencia que había dela.

Escrebiu contos publicados baixo o título "A carón do Lar", que asinaba con pseudónimos: Asicumedre, L. U. Gris, Roque das Mariñas...

Foi habitual colaborador na prensa (especialmente no xornal "A Nosa Terra").

Morreu en 1940 triste, polo fracaso da República e a condena do galeguismo polo goberno.

Victor Schäfer Freire- 2º bach.



¿QUE PENSAS FACER ESTE VERÁN?

Xa queda pouco para as vacións de verán, e con elas moitos de vós teredes que cumprir toda unha serie de castigos polas materias suspensas, aparte de ter que asistir regularmente as clases particulares de turno para recuperar en setembro o que non fixestes durante o curso, e o increíble é que moitos de vós conseguídelo, sodes capaces de remontar 4, 5, ou 6 materias pendentes e promocionar ó curso seguinte. Eu penso que isto é unha proeza, pero no fondo e na superficie quizais debades reflexionar sobre si merece ou non a pena comezar o sacrificio xa neste trimestre, para procurar disfrutar dun verán libre de esas responsabilidades, e viaxar, disfrutar da natureza, da praia, da amizade, do amor, das reunións familiares, das afeccións e entretementos, en fin, que podedes pasar un verán estupendo; non é moito pedir, trátase de que cumprades coa responsabilidade que vos toca por idade, estudar. Por estudio entendo todo o relacionado coas actividades académicas, dende facer deberés, preparar o material do día seguinte, preparar exames e traballos, ata repasar o que se fixo o día anterior, darlle un vistazo ao que se fará mañan e incluso a ampliación de algo dado que vos poda interesar, en fin, un montón de cousas que quizais na ESO podan facerse en dúas sesións ou tres de 50 minutos e que no bacharelato se amplien algo máis, sempre tendo en conta que as persoas somos todas diferentes e para isto como para case todo non hai unha receta única que serva tal cual para todo o mundo e para todas as ocasións. Non esperes máis e ponte as pilas, traballa, decide ti o que queres facer este verán.

Eva Sanz. Departamento de orientación.

SAÍDA Á CORUÑA



Personaxes da obra respondendo ás nosas preguntas



alumnos e titora 2ºB paseo pola Coruña...

Ó 18 de Xaneiro tivemos unha excursión á Coruña a ver teatro. A obra chamábase "Tanto tes, tanto vales". Antes de vela obra, fomos a dar unha volta pola Coruña, pero facíase tarde e tiñamos que ir a velo teatro, chegamos alí e entramos con tódolos institutos que ían a velo, sentámonos nos asentos correspondentes e jempozou a función! . A obra trataba dunha rapaza que sentíase inferior a esas persoas que na vida séntense superiores a nos, esa rapaza pon a proba un método moi usado por nos, aparentar o que non somos, cousa que disfruta mentres pode, porque, logo dáse conta de que non está ben e deixa de finxir o que non é... A obra remata con bo pé, e se oían unha morea de aplausos dirixidos aos actores...os cales vestíanse con diferentes traxes para facer os diferentes papeis que tiñan os personaxes...logo, os seus actores déronos un ratiño para falar e facer as preguntas necesarias ou contar as nosas dudas para que nos las aclararan. Ó rematar, a nosa titora (Errose) deixounos dar unha volta sós, sen profesores e cos compañeiros que quixéramos, poñéndonos unha hora para ir ó autobús. Na máis subir ó autobús marchamos cara ó instituto e alí contamos as nosas opinións sobre a obra, a miña, é que estivo entretida é que os seus actores eran moi profesionais...

Cynthia Paz González. 1º ESO



SUDOKU

Fai un par de anos que en numerosos xornais e revistas aparece un quebra cabezas matemático chamado "SUDOKU".

Sudoku (en xaponés: すうどく, *sūdoku*) é un quebra cabezas matemático de colocación que se popularizou en Xapón en 1986 y deuse a coñecer no ámbito internacional en 2005. O obxectivo é encher unha cuadrícula de 9x9 celdas (81 casillas) dividida en subcuadrículas de 3x3 (tamén chamadas "caixas" ou "rexións") coas cifras do 1 ao 9 partindo de algúns números xa dispostos en algunhas das celdas. Non se debe repetir ningunha cifra nunha mesma fila, columna ou subcuadrícula. O sudoku baséase na búsqueda da combinación numérica perfecta. Hai diferentes niveis de dificultade e a resolución do problema require paciencia e lóxica.

Exemplo de sudoku.

5	3			7				
6			1	9	5			
	9	8						6
8				6				3
4			8		3			1
7				2				6
	6					2	8	
			4	1	9			5
				8				7

En realidade, non é estritamente necesario utilizar números, senón que se poden utilizar letras, formas ou cores sen alterar as regras, pero se utilizan números por comodidade. A cuadrícula máis común é de 9x9 con rexións de 3x3, pero tamén se utilizan outros tamaños. Ademais, as rexións non teñen por qué ser cadradas, anque xeralmente o son.

A solución dun Sudoku sempre é un "cadrado latino", aínda que o recíproco en xeral non é certo xa que o sudoku establece a restrición engadida de que non se pode repetir un mesmo número nunha rexión.

Cadrado latino

Un **cadrado latino** é unha matriz de $n \times n$ elementos, na que cada casilla está ocupada por un de n símbolos de tal modo que cada un deles aparece exactamente unha vez en cada columna e en cada fila.

$$\begin{bmatrix} 1 & 2 & 3 \\ 2 & 3 & 1 \\ 3 & 1 & 2 \end{bmatrix}$$

Exemplos:

$$\begin{bmatrix} a & b & d & c \\ b & c & a & d \\ c & d & b & a \\ d & a & c & b \end{bmatrix}$$

Un pouco de historia do sudoku: "http://jugar-sudoku.iespana.es/"

Este quebra cabezas numérico pode haberse orixinado en Nueva York en 1979. Entonceas, a empresa Dell Magazines publicou este xogo, ideado por Howard Garns, baixo o nome de Number Place (o lugar dos números).

É moi probable que o Sudoku se crease a partir dos traballos de Leonhard Euler, famoso matemático suízo do século XVIII. Dito matemático non creou o xogo en si, sino que utilizou o sistema chamado do cadrado latino para realizar cálculos de probabilidades.

Posteriormente, a editorial "Nikoli" exportouno a Xapón, publicándoo no periódico "Monthly Nikolist" en abril de 1984 baixo o título "Sūji wa dokushin ni kagiru", que se pode traducir como "os números deben estar solos". Foi Kaji Maki, presidente de Nikoli, quen lle puxo o nome. Posteriormente, o nome abreviouse a Sūdoku (sū = número, doku = solo).

En 1989 rexistrouse a primeira versión para ordenador por obra de Loadstar Softdisk Publishing.

En 1997 Wayne Gould creou un programa de ordenador para producir quebra cabezas rapidamente e preparou algúns sudokus para o diario *The Times*, que os publicou bastante máis tarde, o 12 de novembro de 2004. Tres días despois, *The Daily Mail* publicou os seus sudokus co nome "codenumber". En 2005 moitos outros xornais de todo o mundo empezaron a incluír sudokus a diario nas súas páxinas.

A gran popularidade alcanzada polo *Sudoku* nos xornais británicos e internacionalmente fixeron que o apodaran nos medios de comunicación mundiais en 2005 "o quebra cabezas cun crecemento máis rápido no mundo".

No ano 2005, apareceu o primeiro programa de TV en directo sobre *Sudoku*, 1 de xullo de 2005 en *Sky One*. Non tivo moito éxito.



¿Qué é un sidoku?

O sidoku é a variante musical do sudoku. A diferenza deste, as casillas conteñen notas musicais. Podes visitar a seguinte páxina web: <http://www.sidokus.com/index.php?idioma=1&idgrid=0#>

Si fas click sobre unha casilla valeira poderás cambiar a nota que contén. As notas das casillas sombreadas forman o inicio dunha canción que poderás escoitar cando enchas correctamente a cuadrícula e a validas. Si prefires resolvelo sobre papel, podes baixar o documento en pdf.

Solución ao Sudoku:

5	3	4	6	7	8	1	9	1	2
6	7	2	1	9	5	1	3	4	8
1	9	8	3	4	2	1	5	6	7
8	5	9	7	6	1	4	2	3	
4	2	6	8	5	3	7	9	1	
7	1	3	9	2	4	1	8	5	6
9	6	1	5	3	7	1	2	8	4
2	8	7	4	1	9	1	6	3	5
3	4	5	2	8	6	1	1	7	9

TEATRO NO TORRENTE BALLESTER

O pasado tres de Maio, os alumnos de cuarto da ESO, fixemos unha saída a Ferrol para ir ver unha obra de teatro na capela do Centro Cultural "Torrente Ballester".

Ás nove e media saímos do Instituto e nos diriximos cara ó peirao de Mugardos para coller unha lancha que nos levara ó porto de Ferrol.

Cando chegamos alí, como nos sobraba tempo fomos ver o Museo Naval, no edificio das Ferreirías, que eran unhas antigas fraguas do arsenal militar. O museo ten maquetas, aparellos de barcos, bandeiras militares, armamento, restos de naufraxios, mascarons de proa dos barcos de vela..... É bastante interesante.

Ó saír fomos dar unha volta polos cantóns de Ferrol e de alí fomos ó Centro cultural para ver a obra de teatro. A peza representada foi "O PASEO DAS ESFINXES" de Luisa Villalta, representada por un grupo do IES "Carballo Calero" de Ferrol.

A obra trataba da vida duna rapaza chamada Lisis, desde a súa nenez ata que é vella. Lisis desde pequena falaba sempre cunhas estatuas, as esfinxes, preguntáballes cousas, pedindo consello, sobre todo do tema que máisa preocupaba, que era o amor. Sempre contaba que nunca lograría atopalo, pero un día chegou, pasando ó seu arredor, pero ela non o seguiu, de maneira que o perdeu. Arrepentiuse e decidiu buscalo polo tempo, pero fíxose vella e nunca o atopou. Ela fixo a súa vida pero non foi feliz, faltáballe o amor.

Pasado o tempo volveu ó mesmo lugar onde paseaba de pequena, o paseo das esfinxes, dándose conta de que xa era vella e non lle importaba nada.

Cando rematamos de ver a obra, tivemos un pouco tempo libre, indo pouco despois cara o porto onde collimos a lancha e fomos de volta para Mugardos. Foi un día distinto.

TOPONIMIA DE MUGARDOS

Expoñemos aquí a orixe dalgúns nomes de lugar que se dan nas distintas parroquias do concello e que nos contaron os nosos familiares e veciños.

- **A Xesteira:** chamada así porque era un lugar moi poboado de xestas.
- **Río Seco (Simou):** porque había un río que case sempre estaba seco.
- **As Lagoas:** zona que soe estar encharcada moito tempo.
- **A Fonte:** porque había unha fonte que abastecía de auga antigamente.
- **O Castro:** é un camiño preto do monte do Piñeiro, onde hai un castro.
- **O Lodaio:** porque era un lugar enlamado.
- **O Pallizo:** porque había palleiros.
- **O Cristo:** porque hai un cruceiro e antes facíase unha procesión ata él.
- **A Cruz dos Caídos:** En conmemoración aos caídos na guerra.
- **Os Catro Ventos:** era unha casa á que lle daba o vento polos catro lados.
- **A Telleira:** porque había unha fábrica de ladrillos e tellas.
- **Cantarrá:** porque había moitas rás e cantaban.
- **O Campo do Río:** porque o río do Seixo cruzaba as leiras.
- **Beiramar:** é un lugar situado no litoral.

Segundo o libro da Historia de Mugardos dos profesores Juan Carneiro e Miguel A. Rodríguez, existen máis de 3.000 topónimos no concello, pero moitos desapareceron ao longo do tempo. Como curiosidade falaremos de dous deles: Meá e O Baño.

• **Meá** deriva do nome dun propietario romano que se chamaría Medianus. Na Idade Media chamábase Meanus, Meano ou Meos. Desde finais do século XIX e principios do s. XX empeza a escribirse nos documentos eclesiásticos con "h". Pero a forma correcta, e tamén a oficial, é Meá. Existen máis de cen lugares entre Galicia e Portugal que se chaman así ou conteñen esa raíz.

• **O Baño** deriva do nome dun lugar chamado Ovaña ou Obaña, que está nos documentos medievais. Deste lugar sairá unha familia fidalga que adoptará ese nome. Co tempo o topónimo foi derivando en Obaño, e por descoñecemento da súa historia pensouse que a inicial era un artigo e pasou a ser El Baño. De aí o nome actual en galego.



UN CONCERTO CHEO DE SORPRESAS

O pasado 14 de Janeiro os aleccionados ao heavy metal tivemos unha cita no Multiusos Fontes do Sar, en Santiago, á que non podemos faltar.

O grupo Mago de Oz e o cuarteto Savia coma teloneros, foron os encargados de poñer música e cor a unha noite espectacular.

O cuarteto Savia foi o encargado da apertura tocando dende as 22:00 da noite ata as 00:00 aínda que non foron capaces de mover ó público ata que tocaron temas do antigo grupo do cantante, Sober.

Cae o telón, ante nós, unha fachada impresionante dunha catedral gótica. As gárgolas, os arcos orixinais, o rosetón, o grande órgano, lévanos ata a Europa do século XVI. O grupo Mago de Oz ó completo. ¡Comezou o desfase! Tocaron temas dos seus anteriores traballos coma pode ser "Molinos de viento-2", "Maritornes" do seu traballo "La leyenda de la Mancha"; "Jesús de Chambore", "Gaia", "Obertura", "El árbol de la noche triste"...do seu álbum "Gala I"; "Hoy toca ser feliz", "Salmo de los desheredados", "La voz dormida", "Rgsacoxus en Hispania" do seu álbum "Gala II": "La voz dormida".

Todos vibramos, saltamos, chillamos, pero, ó chegar ó final do concerto, chegou a decepción. Cando eran preto das dúas da mañá, e todos estabamos exhaustos, empapados en suor e sen poder nin falar por tanto berro, Jose, o cantante de Mago de Oz, o cantante de Savia e outro cantante invitado saíron a cantar o último tema, a tres voces claramente, chamado "La cantata del diablo". Ningún dos tres vocalistas, supostamente profesionais, se sabían a letra. Con isto non quero poñer punto e final sen antes dicir que aínda por riba, se volveron demasiado comerciais para o meu gusto.

Aínda así, hai moitos outros grupos que todavía valen a pena. Stravaganzza, con Leo o de Saratoga de vocalista, Warcry (aínda que non por moito tempo por problemas do seu vocalista, que con tanto percorrido estragóuselle a voz) e por suposto, os únicos e inigualables Queen con Freddie Mercury sempre na nosa memoria.



XUBILACIÓN DE MANOLO DEUS DÚAS PALABRAS AGARIMOSAS PARA MANOLO



Querido Manolo, queridos todos:

Xuntámonos hoxe non para dicirche "adeus" senón para celebrar unha vida enteira adicada ao ensino.

Unha longa vida de traballo ao longo de moitas xeracións de nenos, de moitos cambios políticos, sociais e educativos. Que ninguén dubide que para sobrevivir a todo isto cómpre facer un tremendo esforzo de adaptación, e ti, Manolo, soubeches facelo conservando a saúde e a ilusión.

A túa vida, querido compañeiro, é tamén a historia da escola pública en Galicia durante case medio século. Por iso, permíteme que eu, filla da escola pública, hoxe comparta contigo algunhas lembranzas que seguramente nos serán comúns:

Falareiche das campañas de alfabetización que se facían en Galicia nos anos 60, dirixidas a unha masa de iletrados que querían *aprender a firmar* antes de emigrar.

Falareiche da escola rural, que unhas veces eran vellas

casas alugadas a un veciño sen ningunha condición sanitaria (para iso xa estaba o monte) con pisos de madeira que renxían e paredes desconchadas. Outras, eran edificios de nova (e nefasta) construción que se destellaban co primeiro temporal do outono e sufrían inundacións o resto do inverno. Tereille que ir quitando o po do tempo ao estante dos libros –encantábame a truculenta historia sagrada e a enciclopedia escolar– á Inmaculada Concepción vestida de azul claro con estrelliñas no seu podium de esquina, á estufa de butano, ás laranxas do recreo e ao usted *lo siga bien* pronunciado sempre con cantinela.

Falareiche dos grupos escolares, do transporte en autobús para os que vivían lonxe, dos comedores, das salas de profesores, dos claustros, das convulsións con que o profesorado se ía adaptando aos sucesivos decretos, normas e plans educativos.

Cunha destas reformas chegaches ao instituto, xa no derradeiro tramo da túa carreira. Lémbrote ben, como xefe de estudos, facendo gardas de recreo na extensión das Lagoas. Eu, daquela, non sabía nin o que eran as gardas de recreo. Imaxino que non foi doado integrarse nun colectivo tan diferente, afrontar as dificultades dun alumnado cada vez máis indisciplinado e aínda así conservar a forza para iniciar *un curso máis*.

Nun fermoso debuxo de Castelao vense uns nenos de trazas aldeás indo ou vindo da escola, dous protexéndose da chuva con paraguas e o terceiro cun saco. Debaxo podemos ler:

-O home que máis sabe no mundo é o noso maíestro. ¡Hai que ver canto sabe!

Nós tamén, Manolo, queremos facerche chegar o noso respecto pola túa traxectoria profesional e o noso afecto pola túa persoa.



IRAK (SEGUNDA PARTE)

Xosé Luís Mosquera

Hai tres anos comezaba e 'remataba' a guerra de Irak. O exército de Estados Unidos ocupaba dun xeito rápido o territorio irakí e completaba a súa total dominación coa toma de Bagdad, acto que quedou simbolizado na imaxe televisiva da demolición dunha enorme estatua de Saddam Hussein.

A guerra fora vendida como a única solución posible para poñer fin a un réxime tiránico e sanguinario que ameazaba con facer perigar a xa fráxil estabilidade da rexión e, aínda máis, extender unha ameaza de conflito nuclear ó posuír armas de destrución masiva.

Pois ben, coa distancia que nos concede o tempo transcurrido podemos facer hoxe unha lectura que parece darlle máis peso ós argumentos defendidos polos detractores da guerra que a aqueles outros que a defenderon (entre eles o goberno de España á sazón).

En primeiro lugar descartouse totalmente a existencia de armamento nuclear ou químico en todo o territorio iraquí.

En segundo lugar, a guerra non consistía só en chegar a Bagdad e derrocar ó tirano, era preciso tamén facerlle 'entender' á poboación que os invasores eran os bos e os invadidos os malos. Como a tarefa non semellaba doada comezaron os problemas que xenera todo proceso de resistencia. Un exemplo de este estado de incomprensión cara ós salvadores foi a 'necesidade' de empregar métodos expeditivos coma os postos en marcha na tristemente famosa prisión de Abu-Grhaib (torturas de todo tipo co fin de degradar ó máximo ós detidos). Por desgracia ese rematará sendo, se non aparece nada peor -se eso fora posible- a verdadeira imaxe simbólica deste conflito.

En terceiro lugar, as relacións entre occidente e o mundo islámico fixéronse moito máis delicadas. A espiral de violencia na que se caeu non parece ter unha saída a curto prazo, e o peor é que occidente non está en disposición de ofrecer moralmente alternativas coas que substituir o fanatismo relixioso sobre o que medran as teocracias. Non é casualidade que Madrid e Londres, seguindo o exemplo de Nova York, foran obxectivos do terrorismo de base islamista.

Conclusión: a solución agravou o problema.

¿Que pode facerse chegados a este punto? ¿Como se vai parar a masacre diaria nese territorio? ¿Será posible atopar unha maneira de restablecer a convivencia entre os iraquís? ¿A ferida entre o noso mundo e os outros mundos cicatrizará algún día?

Hai preguntas que non teñen resposta. Hai respostas que non temos.



CARTEL DA CONVIVENCIA



Portada da revista



Elaborando o cartel da convivencia



DÍA DO LIBRO



Mostra dos libros



Préstamos



POLINOMIOS



Discutindo a estratexia a seguir



DUATHLON EN ARES



Descansando despois do esforzo.



Preparándose no I.E.S. de Mugarbos.

Saída da carreira.

ACTO CULTURAL.



Charla de Rosa Migúelez



Interpretación musical

OBRADOIRO DE CIENCIAS NATURAIS

Barbas de balea.



Alumnos no obradoiro

EXCURSIÓN A MONTEFARO



Alumnos percorrendo o camiño.

TEMPO DE CONVIVENCIA. "PEDRO E O LOBO"



Os alumnos de infantil entrando no instituto.

Función de "Pedro e o Lobo".



VELA EN ARES



Alumnos de 1º da E.S.O. navegando pola ría de Ares.